

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------------|------------------------|---------------|
| 15024975 | CEIP Pío XII | Santiago de Compostela | 2022/2023 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Proxecto competencial | 1º Pri. | 1 | 35 |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 6 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 7 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 7 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 7 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 8 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 9 |
| 7.2. Actividades complementarias | 10 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 10 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 10 |
| 9. Outros apartados | 11 |

1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso de Educación Primaria, materia con currículo enmarcado no Anexo II do Decreto 155/2022 do 15 de setembro. Dita programación terá por obxectivo desenvolver e adecuar o currículo desta materia ao contexto e alumnado de 1º curso do CEIP PÍO XII. En primeiro lugar, esta programación remítese neste apartado á introdución da área no decreto anteriormente citado, no que se describen as características e finalidade da mesma. Entre estas, cómpre mencionar que o traballo nesta centrarase na elaboración dun proxecto interdisciplinar dirixido a desenvolver as competencias trasversais do alumnado, mellorando (entre outras) habilidades como a resolución de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. A área divídese en tres bloques que á súa vez serán as fases a seguir para a realización do proxecto: definición do proxecto ou planificación; execución e presentación do proxecto. Así pois, veranse desenvoltas tamén capacidades relacionadas co emprendemento, a posta en marcha de proxectos, a iniciativa, a toma de decisións, a planificación, a expresión oral e a capacidade de síntese e de exposición do traballo realizado. Para a elección do tipo de proxecto e a elaboración das unidades didácticas, tiveronse en conta a idade e características do alumnado ao que vai dirixido, e por iso, as tres fases do proxecto trabállanse repetidamente en tres ocasións, nos tres trimestres, introducindo as aprendizaxes que implica o 1º Bloque no primeiro trimestre, pero reforzándoas tamén nos dous seguintes, de modo que non se dedique, por exemplo, un trimestre enteiro só a fase de planificación, e xa se poñan en práctica a execución material e obtención dun produto a curto prazo, para que o alumnado poida ver reflectido o froito do seu esforzo nun período de tempo máis adaptado ás súas características psicoevolutivas. Isto é, tendo en conta que non ten adquirida a lecto-escritura no primeiro trimestre, non ten sentido afondar na fase de planificación, a prol de actividades máis empíricas e motivadoras que se dan nas fases de execución e presentación, retomando aprendizaxes desta primeira fase nos seguintes trimestres, para cando o alumnado estea máis disposto e preparado. Así pois, a fase de planificación do proxecto farase para cadanseu miniproxecto, en cadanseu trimestre, dentro da temática global do mesmo: a reciclaxe e o traballo con material de refugallo. O centro atópase situado nun contexto urbano de Santiago de Compostela, polo que esta PD aproveitará as vantaxes que ofrece a nosa contorna e as súas especiais características sociais, históricas e culturais a través das diferentes UD e das diferentes actividades complementarias e extraescolares que poden ser realizadas. Os tres grupos de alumnos para o que está dirixida a PD son grupos de 1º EP, compostos cada un por 25 nenos e nenas con idades comprendidas entre os 5 e os 6 anos, momento no que o pensamento lóxico posee un maior desenvolvemento que na etapa da educación infantil. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase. Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1 | | | 1 | 1-5 | 3 | 1-2-3 | |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. | 1-3 | | 5 | 3 | 1-3 | 2 | 3 | |
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3 | 3 | 2-3 | 1-3 | | | 3-4 |

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | A auga que chega. | Determinarase o tema no que o o grupo vai pescudar información: a auga, onde hai auga, para que serve. | 20 | 10 | X | | |
| 2 | A auga que marcha. | Analizamos, comentamos, reflexionamos, por grupos que faríamos sen auga, a súa importancia, que faríamos sen auga, por que é tan necesaria. | 35 | 10 | | X | |
| 3 | Aloumiñemos a auga para que non fuxa. | Elaboración do produto final e presentación do mesmo. O valor da auga, estratexias para conservala. | 45 | 15 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 1 | A auga que chega. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
| | | | |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia da auga. | TI | 100 |
| CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización dos modelos. | | |
| CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. | | |
| CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. |
| - Planificación: secuenciación e temporalización. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 2 | A auga que marcha. | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas. | TI | 100 |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------------------|----------|
| 3 | Aloumiñemos a auga para que non fuxa. | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar os produtos finais rematados. | TI | 100 |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. |
| - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

O proxecto que se traballa durante todo o curso ten como eixo integrador A auga. Recoñecemento da importancia da reciclaxe, así como cos outros tres erres (reducir, reutilizar e recuperar) como único camiño cara unha forma de vida máis sostible. As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento a través do traballo con esta sustancia, dunha forma moi práctica e lúdica. A metodoloxía é activa, participativa, comunicativa e inclusiva, e está dirixida cara o desenvolvendo das competencias clave. Dividimos o curso en tres "miniproxectos" que finalizan coa realización e presentación dun produto. En cada trimestre, traballamos as tres fases da elaboración dun proxecto: planificación, execución e presentación. Estas fases trabállanse en cadansúa undiade didáctica.

Na primeira fase aténdese a aspectos máis conceptuais, a recoñecer a importancia da reciclaxe e do coidado do medioambiente. A planificación dos recursos necesarios, dos tempos e das tarefas será esencial nesta fase.

Na segunda fase poñemos en marcha a execución do proxecto atendendo á

planificación anterior. Traballaremos en equipos con diversos materiais e recursos, coloreando, recortando, pegando e dando forma a diferentes tipos de produtos. Será importante que o alumnado sexa quen de utilizar de forma axeitada o material, con adecuada limpeza e orde, e desenvolver as técnicas seguindo os pasos atentamente. Na última fase, na presentación do produto aprendido e realizado, teremos en conta a capacidade de recapitulación do alumnado, así como a súa capacidade de planificar unha exposición e levala a cabo, utilizando material de apoio para elo atendendo ao correcto uso das súas habilidades orais e expresivas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Caderno de debuxo. |
| Caderno de aula. |
| Lapis, ceras, pinturas, gomas, tesoiras... |
| Pegamento, grampas... |
| Cacharros, cubos, funil, macetas, sementes, material de reciclaxe... |

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases será a propia aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais que facilitarán os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno.
- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...
- Avaliación das competencias e contidos a través de diferentes actividades.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 20 | 35 | 45 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

A avaliación será continua, presente en todos os aspectos e momentos do proceso de ensino-aprendizaxe. Trimestralmente haberá unha sesión de avaliación con todo o profesorado que imparte no grupo, un membro do equipo directivo e do departamento de orientación se é o caso. Nela valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumno ou alumna, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e, se fose necesario, as medidas adoptadas ou que se deben adoptar. Establécense tres unidades por trimestre, integrando estas fases do proxecto. De estas tres, a unidade relativa á fase de planificación e a unidade relativa á presentación do proxecto teñen un peso dun 30 %, tendo un 40 % a unidade relativa á execución do mesmo. As unidades puntuaranse a partir dos criterios de avaliación. A nota final da área establécense a partir da nota do último trimestre, tendo en conta o carácter contínuo da avaliación.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade. Nesta detección de necesidades cobrará especial importancia a avaliación inicial, que se realiza durante o primeiro mes do curso e que busca detectar dificultades de aprendizaxe e detectar o nivel competencial do que parte o alumno. Dado que cada neno ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros, co obxectivo de individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno/a e o seu ritmo de traballo. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e noutro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividades que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible. En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias. Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado

con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Nas dúas aulas contamos con alumnado atendido por este profesorado especialista. Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da Lectura. | X | X | X |
| ET.2 - Expresión Oral e Escrita. | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación Audiovisual. | X | X | X |
| ET.4 - Competencia Dixital. | X | X | X |
| ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico. | X | X | X |

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición |
|---|--|
| Participación en xornadas patrocinadas polo Concello. | Difusión informativa do proxecto., charlas, exposicións... |
| Conmemoracións. | Día Mundial do Medioambiente, Día Mundial da Saúde... |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado. |
| Participación activa de todo o alumnado. |
| Adecuación á temporalización das unidades didácticas. |
| Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado. |
| Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades. |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas. |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación. |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación. |

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino- aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado para mellorar respecto a:

- Os resultados de aprendizaxe do alumnado, para o que adecuamos a metodoloxía e contidos.
- A planificación e temporalización das actividades, para o que axustamos a distribución das mesmas.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.

Por outra banda, avaliaremos tamén a temporalización prevista na programación para ver se está adecuada e revisar se se está traballando todo o planificado ou nos estamos deixando contidos a traballar. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a

temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso. Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o por que non somos quen de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado.
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

Para isto, faremos o seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS, seguindo os indicadores do apartado 8.1 desta PD. Con todo isto pretendemos obter posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados